REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas 10/PL-000006 (doc. núm. 16854)**
Publicación do Informe, BOPG n.º 221, do 1.12.2017

Punto 2. **Preguntas**

2.1 15751 (10/POC-002831)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as melloras levadas a cabo na dotación de medios materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

Punto 3. **Proposicións non de lei**

3.1 7798 (10/PNC-000817)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual redacción do borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

3.2 16625 (10/PNC-001394)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa insuficiencia dos recursos orzamentarios destinados á designación de xuíces substitutos en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

3.3 19384 (10/PNC-001569)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central

PARLAMENTO DE GALICIA

respecto da actuación policial en relación cun membro da Executiva Confederal da CIG no contorno do Hospital Clínico de Santiago Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas 10/PL-000006 (doc. núm. 16854)

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 15751(10/POC-002831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as melloras levadas a cabo na dotación de medios materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15751
Data envio: 07/09/2017 16:27:25.671

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e **Jacobo Moreira Ferro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A mellora de medios técnicos dos servizos de seguridade e emerxencias foi notable na pasada lexislatura, na que tanto as agrupacións de voluntarios de protección civil como as policías locais foron dotadas con novos vehículos e equipamentos a través de investimentos de moi importante contía. Porén, dende o Grupo Parlamentario Popular cremos que a nosa Policía Autonómica necesita tamén experimentar este proceso de renovación e ampliación dos seus medios materiais, máxime cando está a asumir, con éxito, novas funcións como son a da protección das vítimas de violencia machista.

Así, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concurría ás eleccións do 2016 e co que obtiña a maioría absoluta, recollíase a mellora dos medios materiais da Unidade da Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), de xeito que permitira a creación de novos equipos operativos, para que puidesen cumprir con máis eficacia a súa labor, dando unha resposta moito mellor as demandas da sociedade galega.

Neste senso, contitúase mantendo a colaboración co Ministerio do Interior así cómo fortalecendo os mecanismos de colaboración e coordinación das Unidades de Policía Adscrita con outros corpos e forzas de seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa Comunidade Autónoma.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal ten sido ata o de agora a mellora dos medios materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 07/09/2017 16:20:21

María Isabel Novo Fariña na data 07/09/2017 16:20:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15751
Data envio: 07/09/2017 16:27:25.671

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

César Manuel Fernández Gil na data 07/09/2017 16:20:43

Antonio Mouriño Villar na data 07/09/2017 16:20:47

Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2017 16:20:57

María Julia Rodriguez Barreira na data 07/09/2017 16:21:30

Jacobo Moreira Ferro na data 07/09/2017 16:21:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 7798(10/PNC-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual redacción do borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:58
Nº Rexistro: 7798
Data envío: 07/04/2017 16:58:48.377

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Losada Álvarez, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes de marzo de 2016 a Consellería de Facenda iniciou a tramitación do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Na Proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular na sesión plenaria do pasado 24 de xaneiro deste ano, na que se insta á Xunta de Galicia a aprobar este decreto, sinálase que a finalidade desta norma é dotar a nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que recolla a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e á mellora da calidade de vida dos cidadáns e teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles ás devanditas demandas. Continúa sinalando aquela proposición que Galicia non pode permanecer impasible ante o déficit de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i e TT … en aras de acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador …

Non obstante, precisamente colectivos de investigadores que veñen prestando servizos con diferentes problemáticas laborais en centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia teñen presentado alegacións e mostrado as súas queixas a respecto deste proxecto de decreto.

O colectivo de investigadores observa que o proxecto é incompatible precisamente co desenvolvemento da carreira investigadora e cos obxectivos propostos nas avaliacións que definirían a renovación de contratos. Denuncian que esta norma excluiría a posibilidade de que a nosa Comunidade puidera contar con investigadores estables, dificultando así a capacidade de atracción e retención de talento en todas as áreas de investigación alleas á Universidades. En definitiva, subliñan, o decreto, na súa actual redacción, frea a capacidade de Galicia para avanzar, innovar e reverter os beneficios da investigación á sociedade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:58
Nº Rexistro: 7798
Data envio: 07/04/2017 16:58:48.377

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A falta de previsións sobre o persoal de apoio á investigación, a non clarificación entre os supostos de axudas concedidas por outras institucións respecto dos proxectos financiados con fondos propios, a falta de referencias nos contratos predoutorais á realización da tese e, polo tanto, a súa imbricación coas universidades, ou esquecer a traxectoria seguida pola propia Xunta de Galicia con relación aos investigadores contratados con cargo a programas como Ángeles Alvariño, Parga Pondal ou Manuel Colmeiro, son eivas graves que esixen reconducir e revisar o devandito proxecto de decreto con urxencia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a revisar con carácter urxente os termos do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*, de xeito que se poidan ter en conta as principais inquedanzas do colectivo de investigadores.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/04/2017 16:51:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 16:52:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/04/2017 16:52:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/04/2017 16:52:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 16:52:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 16625(10/PNC-001394)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa insuficiencia dos recursos orzamentarios destinados á designación de xuíces substitutos en Galicia

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:14
Nº Rexistro: 16625
Data envio: 14/09/2017 18:14:59.468

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e** do seu deputado **Luis Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 1ª,** sobre a escaseza de fondos para designar xuíces substitutos en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de precariedade que actualmente vive o sistema xudicial galego afecta de forma directa a milleiros de persoas na nosa terra. A escaseza de fondos coa que se dota á xustiza presenta problemas tan graves como por exemplo, que o número de xuíces substitutos designados non chegan para cubrir as baixas que se producen nos xulgados galegos. Isto deixa como resultado, unha situación que obriga a suspender centos de xuízos.

O insuficiente orzamento que destina o Ministerio de xustiza para designar xuíces substitutos en casos de baixas, é unha problemática que afecta de forma importante durante este exercicio. De feito, o Tribunal Superior de Xustiza comunicou en xullo que esgotou a partida anual para designar xuíces substitutos. Este ano, o Ministerio de Xustiza prohibiu expresamente nomear substitutos adiantando cartos do seguinte ano, algo que xa recolle a Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente no seu Artigo 213 punto 4, onde se estipula que *"En ningún caso procederá efectuar chamamento a xuíces substitutos sen constatar previamente a existencia de dispoñibilidade orzamentaria"*

Débese ter presente, que o sistema xudicial non pode funcionar como unha empresa. O TSXG designa xuíces substitutos cando así o requiren as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:14
Nº Rexistro: 16625
Data envio: 14/09/2017 18:14:59.468

circunstancias, polo que fixar unha partida cerrada pode xerar moitos problemas, xa que non se coñece o número de incidencias que se poden producir ao longo do ano. Débense plantexar opcións alternativas, como a creación de partidas extraordinarias cando o orzamento resulte insuficiente.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta ao Ministerio de Xustiza a:

1. Aumentar a partida orzamentaria anual para xuíces substitutos en Galicia, de forma que se subsanen as deficiencias que se presentan ano tras ano.
2. A posibilidade de acollerse a unha partida extraordinaria no caso de que o orzamento anual para xuíces substitutos resulte insuficiente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 18:14:27

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:14:34

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 07.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 19384(10/PNC-001569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da actuación policial en relación cun membro da Executiva Confederal da CIG no contorno do Hospital Clínico de Santiago Compostela

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2017 10:43
Nº Rexistro: 19384
Data envio: 25/10/2017 10:43:04.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de feitos denunciados pola Confederación Intersindical Galega (CIG) como acoso a un membro da súa Executiva Confederal. Concretamente viña a denunciar que o mencionado sindicalista foi retido no entorno do Hospital Clínico por membros do Corpo Nacional de Policía cando se atopaba xunto ao seu vehículo para, supostamente, propolo para unha denuncia de tráfico. Cando o sindicalista lembrou aos axentes que non tiñan competencia nese ámbito, que lle estrañaba que se procedera precisamente a súa retención naquela zona onde multitude de vehículos estaban mal estacionados naquel momento e informou que ía gravar a conversa pois entendía que podería estar sufrindo unha actuación de acoso; este foi reducido violentamente, cacheado e o seu coche rexistrado. No transcurso da actuación policial os axentes procederon a ler documentación relacionada coa central sindical que se encontraba dentro do vehículo.

Hai que destacar que os axentes non dispuñan de ningunha orde para ler a documentación obrante no interior do vehículo, que non hai constancia de que o Corpo Nacional de Policía tomara nunca ningún tipo de iniciativa en relación con vehículos supostamente mal estacionados en Compostela e que o Corpo Nacional de Policía

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2017 10:43
Nº Rexistro: 19384
Data envio: 25/10/2017 10:43:04.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitou a intervención da Policía Local de Santiago de Compostela exclusivamente para actuar contra o sindicalista da CIG e obviou completamente todos os demais vehículo que se encontraban mal estacionados, incluso sen condutor, naquela mesma rúa e zonas próximas.

Non é a primeira vez que o sindicalista en cuestión, que tamén realiza un continuo labor de defensa dos dereitos civís, sofre o que se pode definir, no mellor dos casos, como unha especial atención por partes dos axentes da Policía Nacional. Funcionarios de Santiago de Compostela denunciárono á Axencia Española de Protección de Datos logo de que este presentara queixa pola actuación dos mencionados funcionarios nun despexo sen a identificación obrigatoria; denuncia arquivada pola AEPD. O CNP tamén presentou denuncia ante a Audiencia Nacional polas publicacións do sindicalista no Facebook; denuncia arquivada pola Audiencia Nacional. Nunha ocasión detiveron ao sindicalista e o parte hospitalario falaba dunha lesión nunha man e o parte do IMELGA alega que o funcionario tiña lesións noutra man, finalmente no xuízo o funcionario tivo que recoñecer que non tiña lesión ningunha. Mais recentemente recibiu unha nova denuncia por parte dos axentes do CNP por, supostamente, arroxar unha pota de grandes dimensións na vía pública; sendo esta a pota que os funcionarios do CNP fixeron sacar do maleteiro do seu coche para cachealo.

Tras esa especial atención por parte das Forzas e Corpos de Seguridade contra o sindicalista en cuestión parece encontrarse unha reacción a decenas de denuncias presentadas contra funcionarios policiais por actuacións desproporcionadas, falta de identificación dos axentes, neglixente tramitación de denuncias…. Que acumula varias recomendacións distintas por parte do Defensor del Pueblo á Dirección Xeral da Policía en relación coa Xefatura Superior de Policía, nunha delas incluso se reclamaba que se fixeran probas caligráficas a funcionarios policiais dunha comisaría para depurar unha falsificación de sinaturas nunha denuncia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2017 10:43
Nº Rexistro: 19384
Data envio: 25/10/2017 10:43:04.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle:

-Que a Subdelegación do Goberno abra unha investigación para depurar as responsabilidades pertinentes.

-Que proceda a derrogar a Lei para a protección da seguridade cidadá, coñecida como *Lei Mordaza*."

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2017 10:43
Nº Rexistro: 19384
Data envio: 25/10/2017 10:43:04.074

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2017 10:42:36

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2017 10:42:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2017 10:42:44

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2017 10:42:45

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2017 10:42:47

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2017 10:42:53